



GUÍA PARA SOLICITAR A ALTA DE NOVAS ESPECIALIDADES NO CATÁLOGO DE ESPECIALIDADES FORMATIVAS NO MARCO DO SISTEMA DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO NO ÁMBITO LABORAL

Órgano emisor: Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación

Versión do documento: Versión 2.0, 1 de xuño de 2023.

Obxectivo: Elaboración dunha guía resumo de apoio para dar de alta novas especialidades non conducentes á obtención de certificados de profesionalidade no Catálogo de Especialidades Formativas.

Normativa:

- [Lei 30/2015](#), de 9 de setembro, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral (BOE núm. 217, do 10 de setembro).
- [Real Decreto 694/2017](#), do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral (BOE núm. 159, do 5 de xullo de 2017).
- [Orde TMS/283/2019](#), do 12 de marzo, pola que se regula o Catálogo de Especialidades Formativas no marco do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, (BOE núm. 6, do 14 de marzo de 2019).
- [Orde TMS/369/2019](#), de 28 de marzo, pola que se regula o Rexistro Estatal de Entidades de Formación do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, así como os procesos comúns de acreditación e inscrición das entidades de formación para impartir especialidades formativas incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas.

Consideracións xerais:

A orde TMS/283/2019 establece como *"instrumentos clave de difusión, transparencia y garantía de calidad del Sistema de Formación Profesional para el empleo, el Registro Estatal de Entidades de Formación y el Catálogo de Especialidades Formativas, que será referente común de toda la oferta formativa que se programe para los trabajadores ocupados y desempleados. Ambos instrumentos están estrechamente relacionados, ya que la inscripción y/o acreditación de las entidades de formación, así como la formación que se imparte en el marco del citado sistema, ha de ajustarse a lo especificado en las especialidades formativas del Catálogo"*



O Catálogo de Especialidades Formativas é un dos instrumentos de transparencia e difusión do sistema integrado de información da formación profesional para o emprego, e inclúe a ordenación de toda a oferta de formación, formal e non formal, desenvolvida no marco do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

Enténdese por oferta de formación formal a constituída por especialidades formativas dirixidas á obtención dos certificados de profesionalidade, regulados polo Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, e os respectivos reais decretos polos que se establecen os devanditos certificados de profesionalidade. O resto de especialidades do Catálogo non dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade constitúen a oferta de formación non formal.

A Orde TMS/283/2019, do 12 de marzo, pola que se regula o Catálogo de Especialidades Formativas no marco do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral establece, no seu anexo 2, a posibilidade, respecto ás especialidades de formación non conducentes á obtención de certificados de profesionalidade, de que as administracións, os centros e entidades de formación e as empresas, poidan propoñer a alta de novas especialidades formativas ou a modificación das existentes.

Procedemento a seguir para solicitar a inclusión de novas especialidades:

A inclusión de novas especialidades non conducentes á obtención de certificados de profesionalidade no Catálogo de Especialidades Formativas, efectuarase de acordo co seguinte procedemento:

1. Presentación da solicitude de alta, dirixida á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/>, utilizando o procedemento xenérico [PR004A](#), establecido para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén ningún sistema electrónico específico nin ningún modelo electrónico normalizado.

Como asunto relacionado a incluír na solicitude deberá indicarse "Solicitude de alta no Catálogo de Especialidades Formativas"

2. Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:
 - Programa formativo que se propón, presentado nun documento en formato editable (.doc, .docx, .odt). Para máis información deberá consultarse o anexo V da Orde TMS/283/2019.
 - Ficha coa proposta de especialidade formativa. Para máis información deberá consultarse o anexo II da Orde Orde TMS/283/2019.
 - Informe motivado sobre a necesidade de incluír a nova especialidade no catálogo. O informe deberá argumentar o porqué da necesidade da nova especialidade que se



solicita dar de alta no catálogo detallando a causa de que se adapte mellor ás necesidades formativas fronte a outra formación similar existente (cambios tecnolóxicos, aparición de novas ocupacións, posibilidade de inserción profesional do alumnado, aparición de novas liñas ou cadeas de produción, formación asociada a un compromiso de contratación, etc.)

3. Recibida a solicitude, a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación dará traslado dela ao SEPE para que proceda ao seu estudo, avaliación e resolución.

Prazo de presentación de solicitudes:

A presentación dunha solicitudes de alta poderá realizarse en calquera momento no que a persoa interesada (Administración, entidade de formación ou empresa) detecte a necesidade formativa non incluída no Catálogo.

Taxas:

A presentación dunha solicitude de alta dunha nova especialidade formativa non está suxeita ao pagamento de ningún tipo de taxa.

Prazo de resolución:

O prazo para resolver e notificar a alta ou a denegación da inclusión da especialidade proposta no Catálogo de especialidades formativas será de tres meses a contar dende a entrada da solicitude no Servizo Público de Emprego Estatal.

Silencio administrativo:

Positivo

Administración e órgano competente para resolver:

Servizo Público de Emprego Estatal.

Ata en tanto non se habilite polo Servizo Público de Emprego Estatal o sistema informático de xestión do Catálogo de Especialidades Formativas previstos na orde TMS/283/2019, e sexa posto a disposición das Comunidades Autónomas, a actualización do dito Catálogo e as correspondentes altas e baixas de especialidades, continuarán realizándose polo Servizo Público de Empleo Estatal.

Notificacións:



De conformidade co disposto no artigo 45.2 da [Lei 4/2019](#), do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas entre a Xunta de Galicia e as persoas interesadas practícaranse a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal.

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude.

Conta de correo electrónico para consultas e resolución de dúbidas:

O enderezo de correo electrónico ao que poden dirixirse as consultas ou dúbidas relacionadas coa alta de novas especialidades formativas é o seguinte: sx.formacionemprego@xunta.gal

Documentación ao dispor do interesado no [portal web](#) da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (arquivo único en formato comprimido):

- Maqueta do programa formativo en soporte editable.
- Modelo de ficha de proposta da especialidade formativa.
- Especificacións para o deseño do programa formativo. Neste documento inclúense, tendo en conta a maqueta do programa formativo, orientacións metodolóxicas para elaborar os programas formativos das especialidades.
- Programa Formativo da especialidade "Titorización en teleformación" como exemplo de modo orientativo dado que se trata dun programa existente no catálogo.

Localización: <https://empregoeigualdade.xunta.gal/formacion/especialidades-formativas>